

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 22 DE OUTUBRO DE 2025

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e dous de outubro de 2025, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ e D.^a OLGA LÓPEZ RACAMONDE. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE ALALDÍA E TRANSICIÓN ECOLÓXICA

1. INTERVENCIÓN.- Acórdase a aprobación inicial do expediente de modificación da base sde execución nº 18.O) do Orzamento Xeral de 2025.

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, URBANISMO E DE PORTES E XUVENTUDE

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase aprobar a caducidade da licenza urbanística para 609/2006, para demolición de edificación e posterior construción de nova edificación na rúa Lamas de Prado, 99 (expte: 2025/Y008/000004).

Acórdase a desestimación do recurso de reposición presentado contra o acordo 3/766 da Xunta de Goberno Local, no que se acordou a non concesión da licenza urbanística para a reorganización de dúas parcelas con edificacións en solo clasificado como rústico, no lugar de Torrón, parroquia de Santalla de Esperante, Lugo.

3. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase aprobar a 4ª prórroga contrato 2026-2027 da contratación do seguro de responsabilidade civil patrimonial -lote 1- , exp. ref. 2021/C003/000030.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac3978719472064719921.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 22-10-2025

Acórdase a aprobar a prórroga dende o 8 de xaneiro de 2026 ata o 7 de xaneiro de 2027 na contratación do servizo de mediación e asesoramento de seguros, exp. ref. 2023/C003/000030.

Tamén se acorda a aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación da obra de mellora da drenaxe no entorno da praza do Castiñeiro e a apertura do procedemento de adxudicación, exp. ref. 2025/C002/000024.

Do mesmo xeito, acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto na contratación da subministración de catro carrozas en réxime de aluguer para a Cabalgata de Reis 2026 e a apertura do procedemento de adxudicación, exp. ref. 2025/C004/000033.

Tamén se acorda a adxudicación na contratación do servizo de execución de actuacións de rehabilitación, reposición e subministracións en espazos públicos do Concello de Lugo. Contrato reservado a centro especial de emprego de iniciativa social e a empresas de inserción, exp. ref.: 2025/C003/000044.

Acórdase a aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación da obra de abastecemento municipal de auga nos núcleos rurais de San Amaro - Castro- Conturiz. Obra incluída no Plan da Deputación de Cooperación cos Concellos 2025 e a apertura do procedemento de adxudicación, exp. ref. 2025/C002/000025.

Acórdase a adxudicación na contratación da obra de modificación de estrutura en Carril das Flores, exp ref: 2025/C002/000022.

4. FOMENTO.- Acórdase aproba-lo texto e proceder á sinatura da Addenda ao Convenio de Colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia, o Concello de Lugo e Abanca Corporación Bancaria S.A. para a celebración da XXIV edición do Arde Lucus.

5. PERSOAL.- Acórdase a modificación do acordo 8/385 designación dos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de enxeñeiro/a de camiños, en quenda de promoción interna (OEP 2016), en execución da sentenza 00065/2023 ditada polo TSX de Galicia no pa 310/2021-S adoptado pola Xunta de Goberno Local o 24 de setembro de 2025.

Acórdase o reingreso ao servizo activo na praza de policía local do Excmo. Concello de Lugo.

Tamén se acorda o nomeamento de funcionarios de carreira na categoría de policía local.

Do mesmo xeito, acórdase declarar deserta a cobertura, en comisión de servizos dos postos de xefe/a de sección de atención cidadá e xefe/a de sección de participación cidadá e mercados locais do Excmo. Concello de Lugo.

6. DEPORTES.- Acórdase a toma de coñecemento da omisión da función interventora no contrato de patrocinio co Clube Deportivo Lugo, S.A.D. correspondente ao exercizo 2024.

Fóra da orde do día

- Acórdase a aprobación do proxecto de modificación do Orzamento do Concello de Lugo, Suplemento de crédito. Crédito Extraordinaria núm. 2/2025.

- Modificación Base Execución Presuposto: Modificación contenido Basa 24.E). Subvencións nominativa. Xuventude.

- Aceptación da Subvención do Plan de Actuación Integrado (Pai) denominado "Novo Norte" dentro da convocatoria para a asignación de senda financeira Feder. Período de programación 2021-2027.

- Adxudicación do contrato baseado no acordo marco para a subministración de gas natural trala adhesión á central de contratación da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP). 2025/C004/000034 (Núm. expediente plataforma tecnolóxica da contratación da Femp: 2025/BAS/000730) a Gas Natural Comercializadora, S.A.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac3978719472064719921.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 22-10-2025

Asinado dixitalmente polo tenente de alcalde delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxó Fernández.